

# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

A stylized, cursive signature in green ink that reads "Añón". The signature is fluid and artistic, with a long, sweeping underline that curves back under the main text.

IES POETA AÑÓN

Actualizado en xullo de 2023

## CONTIDO

### CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.
2. SITUACIÓN.
3. CONTEXTO SOCIECONÓMICO DO CENTRO.
  - 3.1. As familias.
  - 3.2. Alumnado.
  - 3.3. Profesorado.
4. TIPOLOXÍA DO CENTRO.
  - 4.1. Titularidade.
  - 4.2. Instalacións.
  - 4.3. Horarios.
  - 4.4. Persoal.
    - 4.4.1. Órganos unipersoais.
    - 4.4.2. Órganos colexiados.
    - 4.4.3. Órganos de coordinación docente.
    - 4.4.4. Persoal docente.
    - 4.4.5. Persoal non docente.
    - 4.4.6. Transporte escolar.
5. ESTUDOS IMPARTIDOS.
6. CONCRECIÓN CURRICULAR.
  - 6.1. Adecuación dos obxectivos xerais ao contexto do centro.
  - 6.2. A contribución á adquisición de competencias.
  - 6.3. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
  - 6.4. Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
  - 6.5. Criterios xerais sobre os materiais e os recursos didácticos.
  - 6.6. Atención á diversidade.
    - 6.6.1. Criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optativas.
  - 6.7. Criterios para o deseño das actividades complementarias.
  - 6.8. Criterios xerais sobre a avaliación, a promoción e a titulación do alumnado.
  - 6.9. Criterios de promoción.
  - 6.10. Criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores.
  - 6.11. Criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
    - 6.11.1. Criterios de titulación.
    - 6.11.2. Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.
    - 6.11.3. Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA).
    - 6.11.4. Aspectos xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.
    - 6.11.5. Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
    - 6.11.6. Procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.
7. Información sobre o PEC.

## 1. INTRODUCCIÓN.

---

O Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 14º que, dentro da súa autonomía:

1. Os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nas normas que a desenvolven, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade e investigadora a partir da súa práctica docente.
2. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo da educación secundaria obrigatoria e fixarán a súa concreción, e incorporarán ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.
3. Así mesmo, os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas organizativas ou de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado.

En canto á concreción curricular, o mesmo Anteproxecto de Decreto establece no seu artigo 15º que:

1. A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.
2. A concreción curricular incluirá, como mínimo:
  - a) Adecuación dos obxectivos xerais ao contexto do centro.
  - b) A contribución á adquisición das competencias.
  - c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.
  - d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.
  - e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos.
  - f) Os criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optativas, de ser o caso.
  - g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.
  - h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores.

- i) Os criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
- j) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.
- k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.
- l) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e a avaliación das programacións didácticas.
- m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.
- n) O procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.

Tratando de seguir este esquema actualizamos o Proxecto Educativo de Centro co obxectivo de que sirva de guía para o desenvolvemento da actividade que se realiza no IES ao longo de todo o curso.

Inclúense como anexos os plans a elaborar todos anos e que teñen unha estrutura propia.

## 2. SITUACIÓN.

---

O Instituto Poeta Añón da Serra de Outes comezou a funcionar no curso 1998-99 compartindo as instalacións co CEIP de A Serra de Outes. En xaneiro de 1999 trasládase ao actual edificio que foi inaugurado o 11 de marzo de 1999.

Está situado na rúa Poeta Añón, nº 21, C.P. 15230, A Serra de Outes, concello de Outes, A Coruña.

Número de teléfono: [881 866 221](tel:881866221)

Dirección de correo electrónico: [ies.poeta.anon@edu.xunta.es](mailto:ies.poeta.anon@edu.xunta.es)

Atópase na localidade de A Serra de Outes, entre os km 10-12 da C-550 de Noia a Muros, nunha rúa algo lonxe do centro do pobo que fai o seu límite leste, caracterizada pola baixa densidade de edificacións todas de carácter unifamiliar.

O Centro está a uns 325 m do río Tines, de escaso caudal, nunha suave pendente entre os 20 e os 30 metros de altitude.

As coordenadas xeográficas do Centro son: Latitude: 8° 54' 40" leste, Lonxitude: 42° 50' 40" norte.

A Serra de Outes está situada nun dos extremos interiores da ría de Noia, nas terras baixas que rodean as marxes da ría, ó final dun pequeno val, posiblemente de orixe tectónico, recorrido polos últimos quilómetros dos ríos Tines e do Rial que van a desembocar xusto nese punto ó mar na enseada do Engano.

En xeral todo o concello presenta unhas características moi similares, terras baixas ós marxes da ría e logo, moi cerca da costa, entre 2 e 6 km de distancia, o terreo comeza a subir cara ó interior de maneira continua, ata altitudes que van dos 100 ós 600 m., de feito o máximo cume do Concello o monte Tremuzo (525 m.) atópase bastante preto da costa. Acadadas estas cotas, nos concellos limítrofes do interior, a altitude xa non vai a máis.

## 3. CONTEXTO SOCIECONÓMICO DO CENTRO.

---

### 3.1. As familias.

As familias de procedencia do alumnado presentan, a grandes trazos, un nivel da renda familiar medio. O nivel de instrución paterno e materno é baixo.

As actividades agropecuarias ocupan a maior parte da poboación activa, así como o labor de marisqueo e a pesca de baixura (nos portos do Freixo e San Cosme). Nos últimos anos está collendo bastante importancia o sector turístico coa aparición de novas e diversas instalacións de hospedaxe.

Unha gran porcentaxe das nais teñen como única profesión a de ama de casa. En canto á produción industrial desenvólvese fundamentalmente en torno a catro sectores: serradoiros, estaleiros, formigóns e construción.

### 3.2. Alumnado.

Atópase un elevado índice de dificultades xeralizadas de aprendizaxe, fundamentalmente con referencia ó uso das linguas, a nivel expresivo (oral e escrito) e receptivo, precisando adoptar medidas organizativas e curriculares axeitadas segundo as circunstancias. A esta problemática hai que engadir a ausencia de hábitos básicos na familia (en relación coa alimentación, sono, constancia no traballo escolar, ...) que favorezan o proceso de aprendizaxe.

Con respecto á lingua o alumnado procedente do medio rural é maioritariamente galego falante. Principalmente proceden do CEIP de Outes e cabe salientar que amosan unha importante actitude sexista, que se manifesta na dificultade para aceptar algunhas das actividades propostas ao longo da etapa.

### 3.3. Profesorado.

O número de persoas que forman o persoal docente está en torno a 24, das cales 5 son de recente incorporación ao centro con destino definitivo, e en pouco tempo teremos varias xubilacións, o que vai significar unha importante renovación nas persoas que constitúen o persoal docente.

A estabilidade dunha parte importante do profesorado no centro facilita a implicación do persoal docente en proxectos culturais, extraescolares, educativos, e a continuidade dos mesmos. Tamén facilita a convivencia co alumnado, baseada no mutuo coñecemento, respecto e valoración por ámbalas dúas partes. Agardamos que os cambios que se están dando estes cursos por xubilacións non prexudique a todo isto.



## 4. TIPOLOXÍA DO CENTRO.

---

### 4.1. Titularidade.

O IES Poeta Añón é un centro de carácter público que pertence á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Aínda que contaba con 12 unidades cando foi creado, no curso 2023/24 contará con 7 unidades de ESO. A distribución por niveis é:

- 1 grupos de 1º ESO
- 2 grupos de 2º ESO
- 2 grupos de 3º ESO
- 2 grupos de 4º ESO

Tamén se realizan estudos de ESA ( educación secundaria para as persoas adultas) que se imparte en horario de noite.

O alumnado cursa os módulos 1 e 3 ata o mes de febreiro e os módulos 2 e 4 dende febreiro ata o mes de xuño. Por esta razón só funcionan dúas unidades simultaneamente.

### 4.2. Instalacións.

Para impartir as clases ordinarias o centro dispón de 7 aulas para cada un dos grupos de alumnado de ESO e tres aulas para os desdobres de materias.

Ademais, hai no centro aulas específicas de música, debuxo, un só laboratorio que comparten Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía, unha aula taller de Tecnoloxía, un ximnasio e dúas aulas de informática.

Hai unha sala para o profesorado e unha zona de departamentos con 10 salas.

Existe unha zona administrativa onde se atopan os despachos de dirección, xefatura de estudos de diúrno, secretaría, orientación, local de atención a familias, antiga aula reservada para a ANPA que ocupa a xefatura de estudos de adultos e local de conserxería, reprografía e administración.

No IES non hai servizo de comedor polo que foi reconvertido este espazo nunha sala de usos múltiples cunha dotación de medios audiovisuais suficiente para realizar as actividades do centro.

A biblioteca do centro está dividida en dous niveis comunicados por unha escaleira que dificulta o acceso ao persoal con mobilidade reducida. A pesar da limitación do espazo, actualmente posúe unha correcta dotación de libros e material audiovisual e dispón dunha zona con ordenadores para o alumnado.

Desde o curso 2007-08 todas as zonas do IES dispoñen de conexión telefónica e cobertura WiFi en todo o centro. Posteriormente, en 2017, o noso centro participou no programa "Escolas conectadas", que tiña como finalidade a mellora da conectividade. Finalmente, a cobertura WiFi foi mellorada no curso 2020-21 como consecuencia da ampliación do programa E-Dixgal aos

cursos 3º e 4º de ESO no noso centro. E como consecuencia de todo isto, a conexión a Internet é moi aceptable no noso centro.

Hai un patio interior grande moi empregado para realizar as actividades complementarias e un patio exterior con pistas de balonmán, baloncesto e zona verde arborada con especies autóctonas.

Non hai ningunha zona exterior cuberta na que o alumnado poida estar durante os recreos os días de choiva e mal tempo, polo que neses días ten que quedar todo o alumnado do centro no patio interior, o que non resulta moi cómodo nin adecuado para o benestar emocional e físico do alumnado.

### 4.3. Horarios.

O alumnado de ESO en modalidade de diúrno ten unha xornada de seis sesións de 50 minutos desde as 8:25 ata as 14:05 con dous descansos de 20 minutos, de luns a venres. O luns hai dúas sesións de tarde desde as 16:20 ata as 18 horas.

O alumnado de ESA asiste ao centro desde as 18:30 ata as 22:30 de luns a xoves, adiantando a saída o venres ás 20:45 horas. Os cursos son cuadrimestrais impartindo simultaneamente os módulos 1 e 3 ata o mes de febreiro e despois os módulos 2 e 4 ata o mes de xuño.

### 4.4. Persoal.

O esquema organizativo do IES é o seguinte:

#### 4.4.1. Órganos unipersoais.

- Dirección.
- Xefatura de estudos de diúrno.
- Xefatura de estudos de nocturno.
- Secretaría.

#### 4.4.2. Órganos colexiados.

- Consello Escolar.
- Comisión económica
- Comisión de biblioteca.
- Comisión de convivencia.
- Claustro de Profesorado.

#### 4.4.3. Órganos de coordinación docente.

- Departamentos didácticos.
  - Departamento de orientación.
  - Comisión de Coordinación Pedagóxica.
  - Coordinación de actividades complementarias e extraescolares.
  - Equipo da biblioteca.
-

- Equipo de normalización de lingua galega.
- Coordinación E-Dixgal/TIC

#### 4.4.4. Persoal docente.

O persoal docente está formado por 24 persoas, das cales 5 son de recente incorporación con destino definitivo, e en pouco tempo teremos varias xubilacións, o que vai significar unha importante renovación nas persoas que integran o profesorado.

A estabilidade dunha parte importante do profesorado no centro facilita a implicación do persoal docente en proxectos culturais, extraescolares, educativos, e a continuidade dos mesmos. Tamén facilitará a convivencia co alumnado, baseada no mutuo coñecemento, respecto e valoración por ámbalas dúas partes.

Forma parte do persoal docente unha mestra que imparte clase no primeiro ciclo, o restante persoal docente é profesorado de secundaria que imparte indistintamente en calquera dos 4 niveis da ESO así como na ESA.

O feito de que algún profesorado teña que compartir o horario con outros centros (como acontece co caso de relixión) dificulta a elaboración dos horarios.

Temos unha praza de pedagogía terapéutica cuberta por unha especialista con destino definitivo no centro.

Non contamos con AL, o que consideramos necesario por contarmos con alumnado que precisa da atención deste tipo de profesionais.

#### 4.4.5. Persoal non docente.

Está integrado por un auxiliar administrativo, un conserxe en horario de mañá, unha conserxe en horario de tarde/noite, dúas persoas encargadas da limpeza do centro e unha coidadora que chegou ao centro no curso 2020/21. Todas estas prazas están ocupadas por persoal con carácter interino agás a praza de auxiliar administrativo e unha das limpadoras.

#### 4.4.6. Transporte escolar.

O alumnado vive en lugares dispersos polo Concello, polo que empregan o transporte escolar un 90%.

Están distribuídos en 9 liñas, todas elas a cargo dunha U.T.E. formada por Monbús, Autos Dosil, Autos Comparado e Autos Ferrín.

## 5. ESTUDOS IMPARTIDOS.

---

No centro impartimos estudos de ESO e de ESA (Educación Secundaria para persoas Adultas).

A proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica decidimos a elaboración de itinerarios en 4º de ESO para orientar a elección de optativas polo alumnado. Revisaremos isto antes do comezo do período de matrícula para o curso 2023-24, pois entrará en vigor a LOMLOE en 4º ESO.

---



En xornada de noite impártense os estudos de educación secundaria para persoas adultas (ESA). Realízase en horario nocturno para facilitar a presenza de alumnado que traballa polas tardes.

## 6. CONCRECIÓN CURRICULAR.

---

### 6.1. Adecuación dos obxectivos xerais ao contexto do centro.

A adecuación destes obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural do centro, recollido no PEC, supón abranguer un amplo espectro de programas. Neste sentido, partindo da responsabilidade e do respecto, foméntase a aprendizaxe autónoma, a animación á lectura, o desenvolvemento da expresión oral e escrita e as habilidades sociais, mediante a participación en distintos proxectos, algúns deles en colaboración con entidades do entorno xeográfico e social, e dotando destes contidos os períodos lectivos de Atención Educativa e a optatividade.

Asúmense os obxectivos xerais de etapa da ESO establecidos no Anteprojecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, que son os que se relacionan a continuación e aos que engadimos os aspectos que consideramos necesarios para a súa adecuación ao contexto do noso IES:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
  - Respetar as ideas dos demais en debates e coloquios. Ser capaz de dialogar con serenidade e argumentación.
  - Aprender a respectar as normas de convivencia no centro e na súa vida cotián.
  - Coñecer o labor das entidades de carácter social que operan na comarca e das ONG, e coñecer os dereitos humanos.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
  - Coñecer as normas de organización e funcionamento do centro.
  - Ser capaz de establecer e respectar, en equipo, unhas normas de funcionamento do mesmo.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
  - Procurar a utilización dunha linguaxe oral e escrita, que garanta o principio de coeducación, evitando roles sexistas.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos

de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- Favorecer actitudes non discriminatorias, facilitando a integración de todo o persoal do Centro
  - Fomentar que a resolución de conflitos entre os distintos membros da Comunidade Educativa, mediante actitudes de diálogo e respecto mutuo.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- Participar nas actividades propostas dende a biblioteca, plan lector, actividades propostas polo ENDL, etc.
  - Capacitar para a análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, lecturas e situacións da vida cotiá; rexeitando contidos sexistas ou discriminatorios polas diferenzas entre as persoas.
  - Fomentar e concienciar na importancia do respecto aos dereitos de autoría de calquera recurso contido analóxico ou dixital que se empregue.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Realizar recitados, dramatizacións, bailes,...
  - Desenvolver o sentimento de pertenza a unha comunidade con lingua e cultura propias na que debe sentirse integrado.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Respetar as diferenzas e a competitividade nas prácticas deportivas.

- Coñecer os recursos deportivos da zona e ser capaces de empregalos para mellorar os hábitos de coidado e saúde corporais, así como o desenvolvemento persoal e social.
  - Coñecer os recursos naturais da zona, realizando visitas e traballos e analizando a súa influencia no ambiente. Realizar visitas para coñecer o patrimonio social e cultural do concello e da súa bisbarra.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar a creación artística do concello e comarca: pintura, xoiería, música, baile,...

## 6.2. A contribución á adquisición de competencias.

O perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico é a ferramenta na que se concretan os principios e os fins do sistema educativo galego referidos ao devandito período. O perfil identifica e define, en conexión cos retos do século XXI, as competencias clave que se espera que as alumnas e os alumnos desenvolvesen ao completar esta fase do seu itinerario formativo.

O perfil de saída parte dunha visión á vez estrutural e funcional das competencias clave, cuxa adquisición por parte do alumnado se considera indispensable para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas dos distintos ámbitos da súa vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e facilitar e desenvolver a súa inserción e participación activa na sociedade e no coidado das persoas, da contorna natural e do planeta.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e os obxectivos previstos na LOMLOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das competencias clave recollidas neste perfil de saída, e que son as seguintes:

- CCL** Competencia en comunicación lingüística .
- CP** Competencia plurilingüe .
- STEM** Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía .
- CD** Competencia dixital .
- CPSAA** Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- CC** Competencia cidadá.
- CE** Competencia emprendedora.
- CCEC** Competencia en conciencia e expresión culturais.

A nova aplicación Proens , unha vez pechadas e entregadas todas as programacións, asigna un peso final a cada materia na contribución á avaliación das competencias clave.

Con esta información, proens dálle unha cualificación a cada competencia clave, cualificación que aparece na pestana de xade da avaliación de competencias clave. A cualificación asignada por proens será valorada e confirmada ou modificada durante a sesión de avaliación final do alumnado polo equipo docente deste.

### 6.3. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.

- O alumnado será o centro da aprendizaxe e tentarase que asuma un papel activo. O alumnado deberá buscar, analizar, experimentar, aplicar, comunicar e non unicamente recibir e memorizar. Será especialmente importante a capacidade de motivar, de espertar a curiosidade e de emocionar ao alumnado.
- Teranse en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións.
- Facilitarase o acceso do alumnado á información sobre o momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa, clarificando os obxectivos que debe acadar, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que debe superar.
- Farase todo o posible por asegurar a relación das actividades do ensino e da aprendizaxe coa vida real do alumnado, partindo, sempre que sexa posible, da súa propia experiencia.
- Diseñaranse actividades fóra da aula para acadar a plena adquisición e consolidación de contidos, xa que moitos deles non se adquiren unicamente a través das actividades desvoltas no contexto da aula.
- Favorecerase a interacción alumnado-profesorado e alumnado-alumnado, creando un clima adecuado, seguro e estimulante para que se dea a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social. A cooperación entre iguais é unha estratexia valiosísima na aprendizaxe e, neste contexto, desenvolveranse a cooperación, o diálogo, o debate, o respecto ás diferencias, saber escoitar e a empatía.
- Enfoque globalizador e interdisciplinar: o alumnado non accede á realidade de xeito parcelado, senón que a entenden como un todo, de aí a necesidade de presentar os contidos relacionados entre si de xeito que teñan significado, o que implica que o proceso educativo precisa de coordinación docente.
- Enfoque tamén centrado nas competencias, debemos ter sempre como referente acadar que o noso alumnado sexa competente na vida real, é dicir, que saiban aplicar os coñecementos adquiridos á busca de solucións a problemas reais.
- Buscarase o desenrolo integral do alumnado, é dicir, evitarase centrarse no aspecto intelectual e deberán terse en conta todas as facetas da personalidade: a afectividade, as emocións a creatividade, as relacións sociais, o desenrolo moral,...
- Manterase a colaboración coas familias, son parte do proceso e debemos formar un equipo profesorado-familia.

Os elementos transversais incorporaranse de distintas formas:

- No día a día, sen prexuízo do tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, durante o transcurso das clases de calquera materia traballarase: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, o uso e bo uso das novas tecnoloxías, a educación cívica,...
- Tamén, a través do desenrolo das actividades lectivas de todas as materias e das sesións de titoría, se traballarán os valores que potencien a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trate e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A través de actividades complementarias e extraescolares traballarase co alumnado a resolución pacífica de conflitos, como evitar ou saír de relacións tóxicas, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a empatía, ...
- A través de reunións e actividades organizadas coas e para as familias tamén se traballarán valores de especial importancia e relevancia no entorno familiar e social do alumnado.
- Promoverase a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte do alumnado durante a xornada escolar, para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.

#### 6.4. Criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

- Desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade de discusión e de decisión e a vontade colectiva de transformación da realidade social.
- Adaptación ás características e intereses do alumnado, de acordo coas capacidades intelectuais individuais e colectivas propias da etapa.
- Autonomía persoal: incentivar a capacidade para aprender por si mesmo.
- Cultivar a investigación, a adquisición de coñecementos e a sistematización científica de cara a unha utilización práctica, e que non haxa desconexión entre a teoría e a práctica, entre traballo e estudio.
- Proactividade: fomentar a actividade e a iniciativa na busca dos coñecementos.
- Ter en conta o diferente desenvolvemento psicolóxico na programación e nos niveis de esixencia.
- Fomentarase o estudio da historia e cultura do Concello de Outes, da súa comarca e de Galicia, e afondarase na formación baseada na súa cultura nacional e actividades socioeconómicas.
- Coa fin de conseguir a inserción do alumnado no entorno social no que viven, o Centro terá en conta os lazos e o arraigo da súa situación respecto á comarca.
- Integración e interdisciplinidade: exposición de contidos cunha estrutura clara, establecendo interrelacións entre disciplinas como a arte, as linguas, as ciencias, ...
- Variedade na metodoloxía. Ante alumnado diverso metodoloxía diversa.

## 6.5. Criterios xerais sobre os materiais e os recursos didácticos.

Dende o curso 2021-22, o noso centro ten o proxecto E-Dixgal nos catro niveis da ESO, o que motiva que haxa un gran uso de medios e materiais dixitais (ordenadores portátiles para todo o alumnado e unha boa parte do profesorado, pantallas dixitais en todas as aulas, proxectores, a plataforma de aprendizaxe E-Dixgal, aula virtual do centro, correo electrónico, ofimática,...)

Pero isto non impide que se traballe tamén con materiais en formato papel, de xeito que o noso alumnado ten a posibilidade de traballar materias unicamente en E-Dixgal ou Aula virtual, materias unicamente en papel e materias nas que se combinen os dous métodos. O profesorado ten a liberdade de elixir os materiais e recursos que emprega co alumnado.

Por outra banda, dispoñemos dunha biblioteca moi ben dotada de recursos e cun equipo de profesorado que se encarga da xestión da mesma e de organizar diversas actividades de dinamización da biblioteca que, ao mesmo tempo, dinamizan as actividades complementarias no centro.

## 6.6. Atención á diversidade.


A atención a diversidade debe comezar por unha detección temperá das necesidades do alumnado para tomar as medidas oportunas canto antes.

Na liña apuntada pensamos que fomentar un fluído intercambio de información co CEIP adscrito contribuirá ó mellor coñecemento do alumnado que se incorpora ao IES e facilitará a súa integración.

Durante as primeiras semanas de clase o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para elaborar unha programación acorde ás características do alumnado. Esta valoración previa servirá para detectar o alumnado con problemas de aprendizaxe e adoptar as medidas oportunas.

Unha vez feita esta avaliación e valoración do alumnado por parte do profesorado, reuniranse as xuntas de avaliación de cada grupo para realizar unha avaliación conxunta inicial e tomar as decisións oportunas sobre as primeiras medidas do curso de atención á diversidade que consideren necesarias adoptar. E denominámolas primeiras porque se poderán adoptar medidas de reforzo ou ampliación en calquera momento do curso no que se detecte esa necesidade.

No momento no que se detecten problemas de aprendizaxe o profesorado, en colaboración co departamento de orientación, elaborará as medidas de atención á diversidade que considere oportunas. Estas medidas detallaranse nun informe que se achegará ao expediente do alumnado.

Para aquel alumnado no que se detecte un retardo académico elevado respecto ao seu grupo procederase á elaboración da correspondente adaptación curricular despois de cumprir cos trámites regulamentarios. 

No proceso de detección de necesidades terá especial importancia o profesorado titor, pois será o encargado de coordinarse e traballar co resto do profesorado, co departamento de orientación e coas familias a solución que se considere máis apropiada en cada caso.

Os reforzos faranse prioritariamente na aula onde está o resto do grupo. Nos casos onde o reforzo na aula por parte do profesorado non sexa suficiente poderá este efectuarse fóra da mesma polos especialistas do departamento de orientación. O alumnado e o número de sesións virá dado pola dispoñibilidade do persoal do IES (persoal do departamento de orientación e persoal con horas dispoñibles para dedicar a reforzos).

### 6.6.1. Criterios de oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e optativas.

O posibilidade de agrupamento de materias en ámbitos vai depender, sobre todo, do profesorado dispoñible no centro, e é unha medida que se valorará ao comezo de cada curso, sobre todo en 1º ESO, onde se facilitaría unha transición máis gradual e suave deste alumnado de primaria a secundaria.

En canto ás optativas, ofertaremos todas as materias que figuran no anteproxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da ESO como de oferta obrigatoria. Pero isto supón en moitas ocasións un problema, pois é frecuente que saian varias optativas con pequenos grupos de alumnado, o que dificulta a elaboración de horarios e, polo tanto, poder ofrecerlle ao alumnado exactamente todas as optativas que elixiu.

No claustro e Consello escolar celebrados o 7 de xuño de 2023 aprobouse o establecemento dos dous itinerarios que figuran a continuación en 4º ESO.

<b>Matemáticas A</b>	<b>Matemáticas B</b>
Economía e emprendemento	Bioloxía e Xeoloxía
Latín	Física e Química
2ª Língua extranxeira	2ª Língua extranxeira
Formación e Orientación Persoal e Profesional	Formación e Orientación Persoal e Profesional
Dixitalización	Dixitalización
Música	Tecnoloxía
Expresión artística	

En canto ás optativas autonómicas, a oferta da nova optativa Intelixencia Artificial decidirse cada curso, en función da existencia no claustro de profesorado que poida impartila.

## 6.7. Criterios para o deseño das actividades complementarias.

As actividades complementarias deben contribuír ao logro dunha formación plena do alumnado, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

A súa programación e deseño non perderán de vista o sinalado no parágrafo anterior, pero tamén se fará o deseño das mesmas buscando que sirvan para que o noso alumnado sexa cada vez máis autónomo e responsable no uso do seu tempo libre; para favorecer a autoestima do alumnado, sobre todo daquel que ten dificultades nas materias escolares e pode destacar nestas actividades; para mellorar as relacións alumnado-alumnado e alumnado-profesorado; para favorecer a creatividade e a curiosidade do alumnado por actividades culturais e deportivas pouco coñecidas por el, etc...

Deseñaranse as actividades procurando interferir o menos posible na actividade docente das distintas materias do alumnado e profesorado en xeral, para o que se procurará que non coincidan sempre coas clases das mesmas materias e que o profesorado participante na actividade deixe a menor cantidade posible doutro alumnado sen atención (aínda que sempre se deixa traballo para o alumnado que queda sen profesorado).

## 6.8. Criterios xerais sobre a avaliación, a promoción e a titulación do alumnado.

Seguindo as instrucións da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso estableceranse: unha avaliación inicial, tres sesións de avaliacións ao longo do curso e, á maiores, unha avaliación final a finais do mes de xuño. As datas destas sesións determínanse no mes de setembro, nun claustro e trala proposta da Comisión de Coordinación de Pedagóxica.

A proposta da CCP elaboramos un modelo para recoller a información inicial do alumnado coa que as titorías elaborarán o informe inicial de avaliación.

Por decisión da CCP haberá unha reunión da xunta de avaliación para o alumnado de ESO a celebrar no mes de outubro de cada curso, na que se analizarán as características do alumnado e se tomarán as decisións sobre as exencións de francés e as medidas de reforzo a adoptar á vista dos datos iniciais tomados e dos informes previos existentes.

Tamén se elaboraron os modelos para elaborar de forma simple e eficiente a avaliación das competencias clave dentro do informe de avaliación final.

Na avaliación final avalíaranse a adquisición de contidos de cada materia, o nivel de adquisición de competencias clave e de obxectivos de etapa.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.





## 6.9. Criterios de promoción.

As promocións do alumnado faranse de acordo co artigo 8º da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
  - c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
  - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Para adoptar as decisións nos apartados c), d) e e), unha das consideracións que se terá en conta será ao alumnado no que se determine con claridade un abandono total dalgunha das materias suspensas. Esta situación é considerada como unha interrupción do proceso de aprendizaxe e imposibilita a consecución das competencias clave e dos obxectivos.

Entenderase que un alumno abandona cando non participa dos procesos de aprendizaxe marcados polo profesorado como, por exemplo, a presentación da libreta coas tarefas da materia, a entrega dos traballos marcados, lectura de libros seleccionados como obrigatorios ou a realización dos exames escritos ou orais sen un mínimo interese (non entregados ou maiormente en branco).

Para que o abandono sexa considerado como efectivo deberá ser comunicado ao titor ou titora do alumnado antes da realización da segunda avaliación para que se transmita este feito ás familias e se lles notifiquen as súas consecuencias.

O alumnado só poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderá permanecer un ano máis en cuarto.

#### 6.10. Criterios para o deseño dos plans de reforzo para o alumnado que acade a promoción con materias ou ámbitos pendentes de cursos anteriores.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que está pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesor/a titor/a, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumno/a destinatario/a.

O plan de reforzo incluirá, cando menos:

1. Identificación da alumna/o
2. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
6. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación da información á familia.

#### 6.11. Criterios para o deseño dos plans específicos personalizados para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso será unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. A permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

O plan específico personalizado a que se refire o punto anterior elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso, tal e como establece o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

1. Identificación do/a alumno/a.
2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
6. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
7. Acreditación da información á familia.

#### 6.11.1. Criterios de titulación.

Para decidir a titulación do alumnado terase en conta o artigo 10º da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

A decisión de titulación farase de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos xerais de etapa.

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
8. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquise as competencias establecidas no perfil de saída.
9. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

A efectos de considerar a titulación terase especialmente en conta ao alumnado no que se determine con claridade un abandono total dalgunha das materias suspensas. Esta situación é considerada como unha interrupción do proceso de aprendizaxe e imposibilita a consecución das competencias clave esixibles para a obtención do título de graduado.

Entenderase que un alumno abandona cando non participa dos procesos de aprendizaxe marcados polo profesorado como, por exemplo, a presentación da libreta coas tarefas da materia, a entrega dos traballos marcados, lectura de libros seleccionados como obrigatorios ou a realización dos exames escritos ou orais sen un mínimo interese (non entregados ou maiormente en branco).

Para que o abandono sexa considerado como efectivo deberá ser comunicado ao titor ou titora do alumnado antes da realización da segunda avaliación para que se transmita este feito ás familias e se lles notifiquen as súas consecuencias.

A efectos de promoción e titulación teranse en conta as materias suspensas de todos os cursos.

As decisión sobre promoción e titulación do alumnado con materias suspensas requirirán o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

Cada departamento deberá facer constar na súa programación os métodos e criterios de avaliación aos que deberá someterse o alumnado que deba recuperar materias pendentes de cursos anteriores.

O alumnado que, despois de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido no Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da ESO en Galicia.

#### 6.11.2. Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a 9 puntos, poderán recibir a mención de matrícula de honra. Esta mención poderáselle conceder, como máximo, a un número de alumnos/as igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro no cuarto curso. Se o alumnado matriculado en cuarto curso non supera a cantidade de 20 persoas, poderase conceder unha mención de matrícula de honra.

Concederanse as mencións de matrícula de honra ao alumnado con maior nota media no cuarto curso de ESO.

En caso de empate, concederase a mención de matrícula de honra a quen obtivera a maior nota media durante toda a etapa educativa.

#### 6.11.3. Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA).

A disposición adicional cuarta do Anteproxecto de Decreto polo que se establece a ordenación e co currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu punto 2, que co obxecto de que o alumnado da ESA adquira unha visión integrada do saber que lle permita desenvolver as competencias e afrontar con éxito os principais retos e desafíos globais do século XXI, as ensinanzas desta etapa organizaranse de forma modular en tres ámbitos e **dous** niveis cada un deles:

- a) Ámbito de Comunicación, no que se integrarán os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de Lingua Castelá e Literatura, de Lingua Estranxeira e de Lingua Galega e Literatura.
- b) Ámbito Social, no que se integrarán os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de Xeografía e Historia, e de Educación en Valores Cívicos e Éticos.
- c) Ámbito Científico-Tecnolóxico, no que se integrarán os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de Física e Química, de Bioloxía e Xeoloxía, de Matemáticas e de Tecnoloxía e Dixitalización.

A promoción será por ámbitos de forma independente. Dentro de cada ámbito, o alumnado non poderá ser avaliado dun módulo sen ter superado previamente o precedente.

O alumnado que non superase a avaliación final dos módulos de cada ámbito cursados no primeiro cuadrimestre poderá realizar no mes de maio unha avaliación extraordinaria deses módulos. Igualmente, o alumnado que non superase a avaliación final ordinaria dos módulos cursados no segundo cuadrimestre poderá realizar, nas datas que cada ano se determine, unha avaliación extraordinaria. O equipo avaliador de cada grupo de alumnado decidirá, tras a realización destas probas extraordinarias, sobre a titulación ou promoción aos módulos seguintes daquel alumnado que as realízase.

O alumnado cun ámbito suspenso no primeiro cuadrimestre poderá asistir ás clases no módulo seguinte, pero non será avaliado a menos que supere o de inferior nivel na convocatoria extraordinaria de maio.

#### 6.11.4. Aspectos xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

As programacións didácticas das distintas materias e ámbitos, (agás as dos curso 2º e 4º de ESO no curso 2022-23) incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

1. Introducción.
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
3. Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da materia ou do ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
4. Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
5. Avaliación
  - Procedemento para a avaliación inicial.
  - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
  - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
6. Medidas de atención á diversidade.

## 7. Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

## 8. Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Especialmente os criterios de avaliación e metodoloxía a empregar deberán estar claramente definidos e serán presentados ao alumnado ao comezo de cada curso.

As actividades complementarias e extraescolares programadas terán que proporse nas primeiras reunións do mes de setembro para a súa inclusión no Plan xeral Anual.

### 6.11.5. Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

- Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.
- Teñen carácter de extraescolares aquelas que sendo organizadas polo centro e figurando na Programación Xeral Anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria
- Para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:
  - Aprobación do Consello Escolar.
  - Autorización escrita dos pais, nais ou titores legais, de tratarse de alumnos e alumnas que están baixo a súa responsabilidade.
  - Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos ou fracción, do Departamento ou Departamentos organizadores. Poderase aumentar o profesorado acompañante en función das necesidades, duración, tipo de actividade, etc.
- Coa aprobación do Consello Escolar, poderá establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios deberán ser autorizados pola Xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros ou Conselleiro/a de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.
- A Administración local poderá colaborar co centro, e o centro con ela, para impulsar as actividades extraescolares e complementarias e promover a relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que este desenvolve o seu labor.

#### 6.11.6. Procedemento para a revisión, a avaliación e a modificación da concreción curricular.

Ao final de cada curso, e antes do comezo das actividades lectivas do seguinte, o claustro revisará, avaliará e modificará, se é o caso, este PEC e especialmente a concreción curricular nel contida. Esta revisión, avaliación e modificación deberán ser aprobadas posteriormente polo Consello Escolar. Deste xeito irase actualizando o documento coa entrada en vigor de nova normativa e iranse corrixindo todos aqueles aspectos que se vexan mellorables.

## 7. Información sobre o PEC.

---

O presente Proxecto Educativo de Centro foi elaborado e debatido durante o curso 2021–22, sendo aceptado finalmente na sesión do Claustro de profesorado do día 7 de xullo de 2022 e aprobado na sesión do Consello Escolar celebrada no mesmo día.

A presente actualización foi aprobada en Claustro e Consello Escolar celebrados o 7 de xullo de 2023.

Este documento estará publicado na páxina web do IES Poeta Añón dentro do apartado de "documentos de centro".

Entra en vigor dende o día seguinte a súa aprobación polo Consello Escolar.

Na Serra de Outes, a 7 de xullo de 2023

A DIRECTORA

Asdo.: María Xosé Alfonso Torres

